


Dereitos lingüísticos

Referencias clave

Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos



Dereitos persoais e colectivos

Esta declaración considera como dereitos persoais inalienábeis, exercíbeis en calquera situación, entre outros os seguintes:

- o dereito ao uso dunha lingua en privado e en público,
- o dereito ao uso do propio nome,
- o dereito a manter e desenvolver a propia cultura

Os dereitos colectivos dos grupos lingüísticos tamén poden incluír:

- o dereito ao ensino da propia lingua e cultura,
- o dereito a dispoñer de servizos culturais,
- o dereito a unha presenza equitativa da lingua e a cultura do grupo nos

medios de comunicación,

- o dereito a seren atendidos na súa lingua nos organismos oficiais e nas relacións socioeconómicas

Da integración das persoas que se trasladan

As persoas que se trasladan e se establecen no territorio dunha comunidade lingüística diferente da propia teñen o dereito e o deber de manter con ela unha relación de integración. A integración enténdese como compartir coa sociedade que as acolle as referencias, os valores e os comportamentos que permitan desenvolverse na comunidade receptora, aínda que conserven as súas características culturais de orixe.

Desenvolvemento pleno

Todas as linguas son a expresión dunha identidade colectiva e dunha maneira distinta de percibir e de describir a realidade, polo tanto teñen que poder gozar das condicións necesarias para o seu desenvolvemento en todas as funcións.

Xestión de recursos

Todas as comunidades lingüísticas teñen o dereito de organizar e xestionar os recursos propios co fin de aseguraren o uso da súa lingua en todas as funcións sociais. Todas as comunidades lingüísticas teñen o dereito de dispoñer dos medios necesarios para aseguraren a transmisión e a proxección futuras da lingua.

Igualdade de dereitos

- Todas as comunidades lingüísticas son iguais en dereito.
- Esta Declaración considera inadmisíbeis as discriminacións contra as comunidades lingüísticas baseadas en criterios como o seu grao de soberanía política, a súa situación social, económica ou calquera outra, así como o nivel de codificación, actualización ou modernización que conseguiron as súas linguas.
- Deben establecerse as medidas indispensábeis para que esta igualdade sexa efectiva.

Actividades públicas e privadas

No ámbito público, todo o mundo ten dereito a desenvolver todas as actividades na súa lingua se é a lingua propia de onde reside. No ámbito persoal e familiar, todo o mundo ten dereito a usar a súa lingua.

Servizos públicos

Todo membro dunha comunidade lingüística ten dereito a relacionarse e a ser atendido na súa lingua polos servizos dos poderes públicos ou das divisións administrativas aos cales pertence o territorio de onde é propia a lingua.

Documentación

- Toda comunidade lingüística ten dereito a dispoñer e obter toda a documentación oficial na súa lingua, en forma de papel, soporte informático ou calquera outro, para as relacións que afecten ao territorio de onde é

propia esta lingua.

- Os poderes públicos deben dispoñer de formularios, impresos e modelos en forma de papel, soporte informático ou calquera outro nas linguas territoriais, e ofrecerllos ao público nos servizos que afecten aos territorios onde é propia a lingua respectiva.

Educación

- A educación debe contribuír a fomentar a capacidade de expresión da comunidade lingüística do territorio onde é impartida. Así como ao mantemento e desenvolvemento da lingua falada pola comunidade lingüística do territorio onde é impartida.
- A educación debe estar sempre ao servizo da diversidade lingüística e cultural, e das relacións harmoniosas entre diferentes comunidades.
- Toda comunidade lingüística ten dereito a unha educación que lles permita a todos os seus membros adquirir o pleno dominio da súa propia lingua, coas diversas capacidades relativas a todos os ámbitos de uso habituais, así como o mellor dominio posíbel de calquera outra lingua que desexen coñecer.
- Toda persoa ten dereito a recibir a educación na lingua propia do territorio onde reside. Este dereito non exclúe o dereito de acceso ao coñecemento oral e escrito de calquera lingua que lle sirva de ferramenta de comunicación con outras comunidades lingüísticas.

Cultura

- Toda comunidade lingüística ten dereito a usar a súa lingua e a mantela e potenciala en todas as expresións culturais. O exercicio deste dereito debe poder desenvolverse plenamente sen que o espazo de ningunha comunidade sexa ocupado de maneira hexemónica por unha cultura allea.
- Toda comunidade lingüística ten dereito a que a lingua propia do territorio figure nun sitio prioritario nas manifestacións e servizos culturais tales como bibliotecas, videotecas, cines, teatros, museos, arquivos, producións informáticas, industrias culturais...

Actividade socioeconómica

- Toda comunidade lingüística ten dereito a establecer o uso da súa lingua en todas as actividades socioeconómicas dentro do seu territorio.
- Calquera membro dunha comunidade lingüística ten dereito a dispor na súa lingua de todos os medios que require o exercicio da actividade profesional, como por exemplo documentos e libros de consulta, instrucións, impresos, formularios e equipos, ferramentas e programas informáticos.
- A utilización doutras linguas neste ámbito só se pode esixir na medida en que o xustifique a natureza da actividade profesional desenvolvida. En ningún caso outra lingua chegada máis recentemente pode subordinar ou agochar o uso da lingua propia do territorio.
- No territorio da propia comunidade lingüística, todo o mundo ten dereito a usar a súa lingua, con plena validez xurídica, nas transaccións económicas de todo tipo, como por exemplo a compravenda de bens e servizos, as operacións bancarias, os seguros, os contratos laborais e outros.
- No territorio da propia comunidade lingüística, todo o mundo ten dereito a dispor na súa lingua dos documentos necesarios para a realización das operacións mencionadas, como por exemplo impresos, formularios, cheques, contratos, facturas, recibos, pedidos e outros.
- Toda comunidade lingüística ten dereito a unha presenza predominante da súa lingua na publicidade, no rotulado, na sinalización exterior e no conxunto da imaxe do país.
- No territorio da propia comunidade lingüística, todo o mundo ten dereito a obter na súa lingua unha información completa, tanto oral como escrita, sobre os produtos e servizos que propoñen os establecementos comerciais do territorio, como por exemplo as instrucións de uso, as etiquetas, os listados de ingredientes, a publicidade, as garantías e outros.
- Todas as indicacións públicas referentes á seguridade dos cidadáns e cidadás deben ser expresadas polo menos na lingua propia da comunidade lingüística e en condicións non inferiores ás de calquera outra lingua.
- Todo o mundo ten dereito a usar a lingua propia do territorio nas súas relacións coas empresas, establecementos comerciais e entidades privadas e a ser reciprocamente atendido/a e correspondido/a nesta lingua.
- Todo o mundo ten dereito, como cliente, consumidor ou usuario, a ser informado, oralmente ou por escrito, na lingua propia do territorio nos establecementos abertos ao público.
- Todo o mundo ten dereito a exercer as actividades laborais ou profesionais na lingua propia do territorio, non sendo que as funcións inherentes ao posto de traballo requiran o uso doutros idiomas, como por exemplo o caso dos profesores de linguas, os tradutores, os guías turísticos.

Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias (en vigor no Estado español desde 2001)



estendidas.

As institucións dos Estados asinantes comprométense a eliminar, se non o fixeron aínda, toda distinción, exclusión, restrición ou preferencia inxustificadas referentes á utilización dunha lingua *rexional ou minoritaria* e que se propoña desanimar ou poñer en perigo o mantemento ou o desenvolvemento desta. A adopción de medidas especiais en favor das linguas *rexionais ou minoritarias*, destinadas a promover unha igualdade entre os falantes destas linguas e o resto da poboación ou tendentes a ter en conta as súas situacións particulares, non está considerado como un acto de discriminación para os falantes das linguas máis

A Carta marca unha serie de medidas a favor do emprego das linguas “*minoritarias*” (minoritarias dentro dos Estados, pero poden ser maioritarias na súa comunidade) na vida pública: no ensino, na xustiza, na administración, nos medios de comunicación, etc.

Así, por exemplo, no **ensino** será preciso prever unha educación asegurada nas linguas *rexionais ou minoritarias* afectadas; ou, cando menos, unha parte substancial; ou aplicar unha desas medidas polo menos ao alumnado do que as familias o desexan en número suficiente.


Na **vida económica e social**, algunhas medidas que cómpre tomar son:

- Oposición ás prácticas que tendan a desmotivar o uso das linguas *rexionais* na marco das actividades económicas ou sociais.
- Definición, nas regulamentacións financeiras e bancarias, de modalidades que permitan, en condicións compatíbeis cos usos comerciais, o emprego das linguas *rexionais ou minoritarias* na redacción de ordes de pagamento (cheques, xiros, etc.) ou outros documentos financeiros.
- Compromiso para que os equipamentos sociais, tales como os hospitais, casas de xubilados ou centros de acollida, ofrezan a posibilidade de recibir e atender na súa lingua aos falantes da lingua minorizada.

Constitución Española

Indica que a Lei regulamentará a organización e o control parlamentario dos medios de comunicación social dependentes do Estado ou de calquera ente público e garantirá o acceso aos citados medios dos grupos sociais e políticos significativos, respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España.

Estatuto de Autonomía de Galicia



De flickr.com/photos/adri142/

Establece neste ámbito que:

- A lingua propia de Galicia é o galego.
- Os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
- Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.
- Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

Lei de Normalización Lingüística

A respecto do **uso oficial** dise, entre outras cousas:

- Os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración

Pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

- As actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada.
- Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.
- O Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nos medios de comunicación, nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.

Para o **ensino** establécese, por exemplo:

- Os nenos teñen dereito a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna. O Goberno Galego arbitrará as medidas necesarias para facer efectivo este dereito.
- As Autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino.
- Os alumnos non poderán ser separados en centros diferentes por razón da lingua. Tamén se evitará, a non ser que con carácter excepcional as necesidades pedagóxicas así o aconsellaren, a separación en aulas diferentes.
- As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

A respecto dos **medios de comunicación**:

- O galego será a lingua usual nas emisoras de radio e televisión e nos demais medios de comunicación social sometidos a xestión ou competencia das institucións da Comunidade Autónoma.
- O Goberno Galego prestará apoio económico e material ós medios de comunicación non incluídos no artigo anterior que empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo.

Lei estatal 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público



Recolle o dereito cidadán a recibir atención tamén en galego na Administración ou empresa públicas. Afecta ao conxunto do persoal funcionario e laboral que está ao servizo da Administración Xeral do Estado, da Xunta, dos concellos, das universidades públicas, así como organismos, axencias e demais entidades vinculadas ou dependentes de calquera destas administracións, como Correos, a Axencia Tributaria ou RENFE. En concreto, no artigo 54.11 desta lei sinálase que os empregados públicos “garantirán a atención ao cidadán na lingua que o solicite sempre que sexa oficial no territorio”.

Lei 1/2010, de modificación de diversas Leis para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE relativa aos servizos no mercado interior

A disposición adicional sexta, sobre o fomento do uso da lingua galega na actividade dos prestadores de servizos, indica que as empresas que operen no territorio galego, con independencia do lugar de establecemento orixinario, deberán respectar o marco legal vixente en materia lingüística, polo que favorecerán a normalización progresiva do uso do galego na prestación dos seus servizos e deberán ofrecer aos seus destinatarios a posibilidade de manter a comunicación oral e escrita en lingua galega.